

**Vª CARREIRA POPULAR POR PARELLAS**  
**“DE DOUS EN DOUS”**  
**30/03/2019 DE CARBALLO**

O Club Atletismo Carballo, en colaboración co Concello de Carballo organiza a Vª Carreira Popular por parellas “DE DOUS EN DOUS” que se celebrará o vindeiro 30 de marzo de 2019. Esta proba, terá un **carácter solidario** á favor dos máis desfavorecidos e **será nocturna. Proba oficial da F.G.A.**

### **CIRCUITOS:**

Terá unha distancia aproximada de 5.000 m. non homologada nun circuito urbano de 1.000 m. A saída de tódalas probas estará na rúa Gran Vía á altura da rúa Álvarez de Sotomayor.

As rúas polas que discurrirán as probas serán:

**CATEGORÍA PITUFO:** Gran Vía, desde rúa Pintor Urbano Lugrís ata a meta.

**CATEGORÍA SUB 10:** Gran Vía, xiro á esquerda por Rosalía de Castro, xiro á esquerda por Valle Inclán, continúan por rúa Colón, xiro á esquerda por Desiderio Varela ata chegar ó punto de inicio e pase por meta en Gran Vía.

**CATEGORÍAS SUB 12, SUB 14, SUB 16 E ADULTOS:** Gran Vía, xiro á esquerda por Dr. Fleming, xiro á esquerda por Valle Inclán, continúan por rúa Colón, xiro á esquerda por Desiderio Varela ata chegar ó punto de inicio e pase por meta en Gran Vía.

### **INSCRICIÓN:**

1º.- Faranse a través de <http://www.carballo.gal/> e <http://www.carreirasgalegas.com/>

2º.- As inscricións cerraranse o mércores 27 de marzo e haberá un **tope de 600 corredores.**

3º.- Serán gratúitas para todas as categorías, coa opción **“non obrigatoria e solidaria”** de entregar **un litro ou kilo de comida non perecedeira ou produtos de hixiene infantil** ó recoller o dorsal, en beneficio de Cruz Roja e Cáritas. Este ano tamén colaboramos coa ONG Miradas al mundo, recollendo un lapis, un afialapis e unha goma.

4º.- A recollida de dorsais farase no primeiro andar do Mercado Municipal de abastos da praza do Concello de Carballo a partir das 16:00 h. do día da carreira.

### **PARTICIPANTES CON DIVERSIDADE FUNCIONAL:**

1º.- As persoas con diversidade funcional poderanse rexistrar nunha distancia inmediatamente inferior da idade correspondente, se o xulgan oportuno.

2º.- Os participantes con diversidade funcional poderán ir acompañados ou utilizar os instrumentos necesarios para o seu desprazamento durante todo o percorrido na forma que decidan máis convinte.

3º.- As persoas con **diversidade funcional** terán unha **“INCLUSIÓN TOTAL”**, polo que **non terán clasificacións aparte.**

4º.- Segundo sexan os seus instrumentos de desprazamento, poderán tomar saída diante do pelotón caso das handbike por ser rápidas ou ó final do mesmo, participando cunha cadeira de rodas por poder ser mais lenta.

En calquera dos casos serán dispostos polo responsable do circuito.


## REGULAMENTO:

1º.- Os corredores de tódalas categorías levarán ben visible o dorsal no peito, e na categoría de adultos **disporán de un chip por equipo**.

2º.- Para os adultos, haberá unha alfombra contavoltas pola que terán que pasar para non ser descalificados.

Nas categorías de adultos, infantís e cadetes terán que correr por parellas femininas, masculinas ou mixtas atadas por unha cinta no pulso que se entregará xunto co dorsal, nas outras categorías inferiores, poderán correr de forma individual.

Na categoría absoluta haberá unha clasificación para as parellas que sumen 100 anos ou máis entre os dous integrantes do equipo.



3º.- Na proba absoluta, o percorrido quedará aberto ao tránsito de vehículos 30 min. despois de entrar en meta o primeiro corredor.

4º.- Nas demais categorías inferiores, pecharase o circuito ao paso do vehículo de Protección Civil e incluírá unha revisión do percorrido por parte das autoridades, minutos antes do comezo da seguinte proba.

5º.- As reclamacións deberán ser presentadas aos xuíces árbitros non máis tarde de 30 min. despois da publicación dos resultados.

6º.- Todo o non disposto na presente normativa, rexeráse polas normas de competición da F.G.A. e a R.F.E.A da presente tempada.

7º.- Tódolos corredores que participen na proba, aceptarán o regulamento e serán responsables dos danos que provoquen durante a mesma.

8º.- Tódolos corredores estarán amparados por un seguro de responsabilidade civil, excluídos os casos derivados de padecemento previo, imprudencia ou negligencia. Quedarán excluídos os casos por accidentes "in itinere". Non se permitirá a entrada a ningún vehículo no percorrido alleo á organización.

9º.- A organización disporá de **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** durante tódalas probas. Poderán asimesmo retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico.

10º.- Os deportistas inscritos comprométense a aceptar estríctamente o presente regulamento e calquera posible modificación. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin estará amparada polos seguros da proba.

## HORARIOS, CATEGORÍAS E DISTANCIAS E TOPE DE INSCRITOS:

19:45	PITUFO	2012 e posteriores	150 m.
19:55	SUB 10	2011-2010	800 m.
20:05	SUB 12	2009-2008	1000 m.
20:15	SUB 14 POR PARELLAS: -Equipos masculinos -Equipos femininos -Equipos mixtos	2007-2006	2000 m.
20:30	SUB 16 POR PARELLAS: -Equipos masculinos -Equipos femininos -Equipos mixtos	2005-2004	3000 m.
21:00	ADULTOS POR PARELLAS: -Equipos masculinos -Equipos femininos -Equipos mixtos -Equipo masculino +100 anos -Equipo feminino +100 anos -Equipo mixto +100 anos	2003 e anteriores	5000 m.

O tope de inscritos será de 600 corredores entre todas as categorías.

## PREMIOS:

- Categoría Pitufo:** terán medalla tódolos participantes.
- Categoría Sub 10 feminino e masculino:** trofeos para os tres primeiros/as corredores/as e medallas para tódolos participantes.
- Categoría Sub 12 feminino e masculino:** trofeos para os tres primeiros/as corredores/as e medallas para tódolos participantes.
- Categoría Sub 14:** medallas para tódolos participantes.
  - Trofeos para os tres primeiros equipos masculinos.
  - Trofeos para os tres primeiros equipos femininos.
  - Trofeos para os tres primeiros equipos mixtos.
- Categoría Sub 16:**
  - Trofeos para os tres primeiros equipos masculinos.
  - Trofeos para os tres primeiros equipos femininos.
  - Trofeos para os tres primeiros equipos mixtos.
- **Adultos por parellas:**
  - Trofeos para os tres primeiros equipos masculinos.
  - Trofeos para os tres primeiros equipos femininos.
  - Trofeos para os tres primeiros equipos mixtos.

- Trofeos para o primeiro equipo masculino, que superen os 100 anos entre os dous.
- Trofeos para o primeiro equipo feminino, que superen os 100 anos entre as dúas.
- Trofeos para o primeiro equipo mixto, que superen os 100 anos entre os dous.

- Non haberá clasificación para persoas con diversidade funcional. Haberá “INCLUSIÓN TOTAL”

## VISTAS CENITAIS DOS CIRCUITOS:





## OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alieo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifieste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

## ORGANIZA:



## COLABORA:

